

LINGUA GALEGA

Juan Seco converteuse en gandeiro despois de ter outros traballos, e converteuse en gandeiro de produción ecolóxica despois de pasar pola convencional. A súa explotación, con 50 vacas en total e uns 120.000 litros ao ano, está na Augaxosa, na parroquia da Muxueira (Riotorto). Que haxa concentración parcelaria axuda a que o terreo onde pacen as vacas estea non moi repartido.

- 5 —Como cambia o traballo cando un pasa de gandeiro convencional a ecolóxico?
—É gratificante. Non **tes que estar** pendente de produtos coma os pesticidas nin hai enfermidades. Aquí trabállase ao aire libre; nin están pechadas as vacas, nin o está o gandeiro. Hai que traballar, coma en todos os lados [ri].
—Como se traballa o terreo cando se decide o sistema de produción ecolóxica?
—Traballan as vacas. Os animais pacen e véñense muxir. No fondo o traballo é o mesmo ca o de hai anos; vólvese
- 10 ao tradicional, ao de toda a vida.
—Nota que mellorou o terreo dende que elixiu a produción ecolóxica?
—No meu terreo non se usan produtos químicos. Estará san, supoño. Unha persoa sa non necesita medicinas. —
Resúltalle máis difícil este traballo ca o que facía antes?
—Si. Nunha explotación convencional fas as cousas segundo che di o nutricionista, e traballas as terras segundo che
- 15 din os das sementes e toda esa xente. Aquí **tes que usar** a cabeza: **tes que levar** as vacas onde cres que vai haber bo rendemento. Isto é gandaría; o outro é industria.
—Acabará o modelo ecolóxico tendo as características dunha industria, como na produción convencional?
—Xa **comeza a telas**: xa **comeza a haber** produtos, sementes... Este sistema quere explotalo todo o mundo, como
- 20 pasa con todas as cousas.
—É o menor tamaño unha condición lóxica dunha explotación ecolóxica?
—Hai de todo. Hai explotacións ecolóxicas realmente grandes: algunhas andan polos 2.000 litros diarios. Son explotacións cunha base territorial moi grande, que é do que dependemos aquí.
—Vostede ten 50 vacas. Son poucas para unha explotación con produción ecolóxica?
—Xa son unha cantidade. Danche para ter un soldo digno, aínda que non é para facerse rico.
- 25 —Hai aínda na sociedade receos ou desconfianza fronte á produción ecolóxica?
—Aínda hai xente que ten algún receo. Os produtores ecolóxicos aínda somos algo raros, pero cada vez menos, porque xa hai máis xente neste sistema. Cando cheguei a isto, non estaban as vacas fóra. Cando as botei, xa imaxinas o que pasou: dicíanme que **habían morrer**. Xa as botei fóra antes de entrar na produción ecolóxica, para
- 30 aforrar custos.
—Tendo en conta as oscilacións do prezo do leite, está máis protexido un gandeiro de produción ecolóxica?—O gandeiro ecolóxico, coma o convencional, está protexido se quere. A produción pódese basear no terreo ou en elementos externos. Se te acostumas a depender de fóra, sóbenche o prezo dos alimentos e báixanche o do leite, tes un problema. Sei de xente de produción convencional interesada en pasar a súa explotación a ecolóxica.
—É aconsellable o cambio do convencional ao ecolóxico?
- 35 —Non son afeccionado a dar consellos; pero penso que para as pequenas explotacións de leite o ecolóxico é unha boa saída se tes base territorial. Creo que **pode ter** futuro, porque agora está de moda o ecolóxico.

Xosé María Palacios. Vilalba / *La Voz*. 26/09/2020

CUESTIÓNS

- 40 1. Explique brevemente o significado das seguintes expresións subliñadas no texto: (1 punto).
- É gratificante. / - Isto é gandaría; o outro é industria.
2. Elabore un esquema coas ideas principais e secundarias do texto e pónalle un título (2 puntos).
3. “Estará *san*, supoño. Unha persoa *sa* non necesita medicinas.” Nesta expresión do texto encontramos o mesmo adxectivo nos dous xéneros (masculino e feminino). Indique o xénero dos
- 45 seguintes substantivos ou adxectivos tirados do texto e, sempre que sexa posible, sinala o xénero contrario: *gandeiro*, *vaca*, *pesticida*, *sememente*, *leite* (1 punto).
4. Identifique que tipo de construcións verbais son as seguintes (en letra negra no texto). Explique o seu significado e substitúaa en cada caso por outras de significado equivalente: *tes que estar/usar/levar*; *comeza a telas/a haber*; *habían morrer*; *pode ter* (2 puntos).
- 50 5. Redacte un comentario crítico sobre o tema do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión do entrevistado (4 puntos).